

FESTIVAL DE MÚSICA

MURALLÓN DE SON



08-10-22

BANDEIRA

DOSSIER COMERCIAL 2022

MURALLÓN DE SON



08-10-22

BANDEIRA

DAKIDARRÍA

REBELIOM DO INFRAMUNDO

LA INQUISICIÓN HIGH PAW

HARRY MAY SEÑORA DJ CLOACA

OBRAÑOIS E XOGOS TRADICIONAIS A CARGO DE SORORAS


SESIÓN VERMÚ MERCADO GASTRONÓMICO ARTESÁN

ENTRADA DE BALDE

ORGANIZA:

FESTIBANDEIRA
ASOCIACIÓN

COLABORA:



ÍNDICE

QUE É MURALLÓN DE SON	3
ADN DO FESTIVAL	4
OBXECTIVOS	5
ARTISTAS	6
LOCALIZACIÓN.....	10
PROGRAMACIÓN E ACTIVIDADES	11
POR QUE APOSTAR POR MURALLÓN DE SON.....	13
CONTACTO.....	14

QUE É MURALLÓN DE SON

Murallón de Son é un festival que combina música, gastronomía e actividades ao aire libre enmarcadas nun enclave único no corazón de Galiza. Unha xornada chea de sorpresas na que poderás desconectar e sumerxirte nun furacán de sensacións no que a música e a cultura galega se fusionan.

O festival está ubicado en Bandeira, no concello de Silleda. Un entorno rural no corazón de Galiza no que desfrutar da música de raíz, da cultura gastronómica, da nosa contorna de paisaxes verdes e fauna única e, por suposto, das nosas xentes. En Murallón de Son desfrutarás dunha xornada de degustar lentamente os sabores máis intensos da nosa cultura e empaparte da música de artistas destacados do panorama musical nacional e internacional.

ORGANIZA

Murallón de Son está organizado pola Asociación Festibandeira, un grupo de persoas novas da comarca do Deza, cheas de inquedanzas e ganas de levar a nosa cultura e valores a máis espazos. Entre os valores que conforman o ADN desta asociación destacan a igualdade, a sostibilidade, a lingua, o comercio local e de proximidade e a defensa do noso patrimonio cultural galego.

FESTIBANDEIRA
ASOCIACIÓN

COA COLABORACIÓN DE:



ADN DO FESTIVAL

O obxectivo do festival é promover experiencias únicas a través da música, da gastronomía, da natureza ou da cultura rural galega, asentadas nuns valores sólidos que nos identifiquen.

Valores nos que se asenta o festival:

- Respeto
- Cooperación
- Creación
- Impacto positivo
- Igualdade
- Apoio
- Diversidade
- Sostibilidade

Os eixos temáticos do festival “Murallón de Son” **apoianse e reforzan a cultura, a nosa rexión e o medio ambiente.**

O noso ADN confórmano:



OBXECTIVOS

- Propiciar a polinización de diferentes disciplinas artísticas a favor da causa social e medioambiental.
- Fomentar espazos de transmisión cultural no pobo da Bandeira e do Concello de Silleda no seu conxunto.
- Impactar positivamente na nosa contorna, xestionando de maneira eficiente os recursos.
- Revitalización da lingua galega e da vida cultural no rural.
- Dar a coñecer o patrimonio natural, cultural e gastronómico da nosa contorna.
- Mellorar a calidade das ofertas artísticas e culturais no eido local.
- Servir de punto de encontro de artistas, creadoras e creadores das diferentes disciplinas artísticas.
- Apostar pola creación de sinerxias entre a ampla variedade artística.
- Difusión de valores sociais, educativos culturais e de diversidade vencellados coa creatividade e cooperación.
- Impulsar a actividade económica local, apoiando o comercio rural e de proximidade.
- Atraer e poñer en valor a diversidade de talentos, na procura de mellorar a oferta para o público local e os visitantes.

ARTISTAS

DAKIDARRÍA



Tras 18 anos dende a súa formación e unha bagaxe máis que interesante de discos e concertos podemos etiquetar a Dakidarría como unha banda histórica no panorama galego e estatal. Alcanzan a maioría de idade mentres ultiman o lanzamento do seu sexto disco de estudo «Colaxe», sendo a banda referencia da música contestataria galega.

Con ampliación de formación retoman a estrada neste 2022 para descargar a emoción, a enerxía e a adrenalina dos seus concertos en tódolos lugares que sexa posible con COLAXE TOUR.

ARTISTAS

REBELIOM DO INFRAMUNDO



Con orixe en Ponteareas e coñecido en todo o panorama musical galego chega o rap galego máis combativo.

A banda comeza a súa traxectoria no ano 2005 e o seu nome provén do lugar onde se xuntaban (Inframundo) en Ponteareas. No ano 2009 editan a maqueta Rebeliom do Inframundo e no 2012 o seu primeiro disco físico A Sorpresa. No ano 2016 á banda incorporáronse Malvares de Moscoso, o MC vigués "Frank", un novo produtor musical "Movementss" e ao mando dos pratos un novo DJ, "Ichi". Xuntos deron forma ao que sería o novo traballo da banda, Lume e Rebeliom.

Desta volta, chegan a Bandeira para poñer o peche á súa xira ILEGAL, o seu novo LP autoeditado xunto á produtora viguesa Galunk Producións, coa inclusión de Movementss nos seus directos e o cambio de DJ, entrando Dj.Pol a formar parte da formación oficial do grupo. Será en Murallón de Son onde darán o último bolo.

ARTISTAS

LA INQUISICIÓN



A inquisición é un grupo de punk barcelonés onde se mesturan a contundencia de letras e música, dentro dunha mensaxe elaborada fuxindo dos tópicos do xénero, todo iso envolto nunha imaxinería con reminiscencias tenebrosas, obscuras e dramáticas, desde as cales, aínda así, pódese albiscar unha pequena luz ao final do túnel.

Banda fundada en 2016, con 2 eps e 2 lps publicados ata a data. Durante estes anos de existencia, a banda estivo dando concertos sen parar tanto na península como en Europa, mesmo con algunha incursión a países latino-americano. O seu directo é potente e vigoroso e non deixa a ninguén indiferente.

Con TENEVRAE chegan ao extremo desa combinación irresistible entre sons potentes e textos profundos, que lles converteu na punta de lanza do novo punk en castelán. Agora veñen de sacar un novo EP, URÓBOROS, composto por catro temas que describen a cada un dos membros da banda e que levan por nome as catro estacións do ano.

ARTISTAS

HIGH PAW



High Paw é unha singjay viguesa que mestura reggae, roots, raggamuffin e moita personalidade nas súas letras.

Compón o seu primeiro traballo con líricas orixinais "Searching for the Recipe", gravado no estudo vigués The Dub Yard. En novembro de 2018 realiza unha xira con Ofer Selectah por México presentando a súa música á escena máis potente do país. En 2020, lanza "Solid As The Clock", o primeiro LP da cantante galega High Paw coa produción e composición de Cool Up Records.

ARTISTAS

HARRY MAY



HARRY MAY, Banda de Punk Rock formada en 2018 en Galiza, A súa presentación foi o Ep "Harry May" de 4 temas, ademais participaron con 2 temas nun Split compartido con outras 3 bandas Irmo (Euskal Herria), Lebel (Francia) e Himnos (Mexico), tamén aparecen no recompilatorio "Oitenta minutos dá volta ao mundo" con bandas como Komciterm Sect, The Adhocs, Brutal Bravo ou The Last Resort.

Despois dalgúns cambios na formación inicial, os membros actuais son Alberte (Baixo e Voz), Chispón (Batería), Manu (Guitarra) e Max (Guitarra). En 2022 publicarán o seu primeiro LP titulado "Flying Low".

A banda está a dar moi boas sensacións en directo convertíndose sen dúbida nunha das bandas de referencia do Punk Rock en Galiza.

ARTISTAS

SEÑORA DJ



Raquel R. Soto é a persoa que pon rostro e ritmo a Señora DJ. Este proxecto cobra vida no 2016 coa primeira edición do Festivala en Vilagarcía de Arousa. Un festival que nace para a promoción da figura da muller en todas as áreas e que deixaría pegada nas súas sesións, xa que a maior parte dos grupos que soan nos seus pases están compostos ou liderados por mulleres.

O seu estilo é bastante eclético, pero inclínase especialmente cara ao indie-disco-pop. Podendo soar nas súas sesións desde Vive la Fête, Rosalía, M.I.A., Ginebras... e que non falten nunca as Bistecs ou Ladilla Rusa. Participou noutros festivais como o Atlantic Fest, Xironsa, Canteira Fest e O Son dous Arrieiros e pinchando en salas como a Radar en Vigo e a sala Karma en Pontevedra.

A felicidade e a diversión están aseguradas se chamas a Señora Dj!!

ARTISTAS

CLOACA




Desde o subsolo coruñés chegan Cloaca. Bento Carroña e Rata Ray, o dúo máis infame, tráennos o seu Garage-Fuzz desde os sumidoiros coruñeses, con producións para mentes enfermizas.

Estes adoradores dos sons cavernícolas armados tan só con guitarra e batería entrégannos no seu traballo adictivas e demoledoras píulas de Garage Punk sobradas de garra, forza e actitude.

Os seus temas por calidade e autenticidade ben poderían formar parte de calquera clásica recompilación de Garage a nivel mundial xa que rescatan con asombrosa facilidade a crueza do garage primigenio e a elegancia do revival dos 80.

Humor negro, ritmos frenéticos e un son escuro, son o seu selo de identidade. Entra no seu tenebroso mundo e sucumbe ao seu lisérgico son! Non te arrepentirás

LOCALIZACIÓN



Murallón de Son nace no interior da Galiza rural coa pretensión de atopar un oco no panorama musical a nivel estatal. Do micro ao macro.

A localización escollida é o núcleo da Bandeira, situado na parroquia de Manduas, dentro do Concello de Silleda, comarca do Deza, provincia de Pontevedra. Trátase dunha localización privilexiada, xa que se atopa no intersección entre as principais cidades de Galiza.

ZONA DE DESCANSO

ACAMPADA

Murallón de Son conta con zona de descanso que se adapta á perfección ás necesidades das festivaleiras e festivaleiros.

Atópase a escasos metros do recinto do festival, o que facilitará o movemento entre a zona de descanso e o recinto de concertos, primando a comodidade das persoas asistentes.

UBICACIÓN

Trátase dunha acampada interior ubicada nas instalacións do polideportivo do CEIP Ramón de Valenzuela.

Un recinto acondicionado con todos os servizos básicos hixiénico-sanitarios, polo que dispoñeredes de baños, aseos, duchas etc.


TOTALMENTE GRATUITA

A zona de acampada está incluída no prezo da entrada do festival, polo que non se cobrará ningún cargo extra por estancia.

PROGRAMACIÓN E ACTIVIDADES

ACTIVIDADES

ACTIVIDADES PARA AS CRIANZAS




Murallón de Son é un festival aberto a tódalas idades, polo que contaremos con distintas actividades enfocadas nas persoas de curta idade, que poderán gozar de xogos e pasatempos coa compañía en todo momento de persoas especialistas no seu coidado.

XOGOS TRADICIONAIS

Quen dixo que xogar era só cousa das crianzas?

Disporanse distintos xogos tradicionais pensados para un público adulto. Desta forma porase en valor unha parte moi importante da cultura tradicional galega, moitas veces esquecida.



SESIÓN VERMÚ E FOODTRUCKS


Ao mediodía comezará a sesión vermú, que estará amenizada con música en directo. Ademais dun espazo habilitado para o descanso, as persoas que asistan poderán adquirir diferentes pratos ofrecidos por distintos restaurantes e foodtrucks.

ACTIVIDADES PERMANENTES

DURANTE TODO O TRANCURSO DO FESTIVAL

CARPAS E TALLERES

Dentro do recinto, tamén contaremos con multitude de stands e carpas nas que as diversas asociacións e artesáns coas que faremos contacto, amosarán as súas propostas e produtos para todas as persoas asistentes ao festival. Así, contaremos con stands de asociacións de divulgación cultural e gastronómica, stands de artesanía local, luthería, puntos morados ou de produtos ecolóxicos.



ACTIVIDADES DE NOITE

DENDE A TARDE ATA O REMATE DO FESTIVAL

CONCERTOS

A principal atracción do festival serán os concertos que se celebrarán na xornada do sábado, e que se extenderán dende a tarde ata ben entrada a noite. A nosa aposta é contar cun cartel inclusivo e igualitario de artistas da rexión galega, nacionais e, se cabe, internacionais, tendo sempre presentes os valores éticos da asociación e apostando por artistas que fomenten a inclusión e a igualdade.



POR QUE APOSTAR POR MURALLÓN DE SON

Co obxectivo de poder medrar e adquirir unha cobertura de interacción social e cultural máis ampla, o festival precisa da colaboración de distintas empresas e entidades.

Murallón de Son é un proxecto ilusionante que pretende reunir a persoas con talento musical da nosa contorna, á par que construír sinerxias entre todas as distintas colectividades sociais e culturais da contorna. Este festival poñerá en valor non só a totalidade activa musical e cultural, senón tamén as distintas labores sociais que realizan distintos colectivos no eido da socioloxía, o feminismo, a integración social, o ecoloxismo, etc.

O evento actuará ademáis como dinamizador económico da zona, dando a coñecer o tecido empresarial da comarca e fomentando o comercio local e de proximidade. Murallón de Son é ademáis unha oportunidade para dar a coñecer unha marca, un negocio, ou unha actividade social. Colaborar en eventos culturais dá ás entidades privadas a oportunidade de aportar a súa semente solidaria, á par que consolidan a marca na sociedade.

Únete ao batallón.

CONTACTO

PÁXINA WEB E VENDA DE ENTRADAS

www.murallondeson.com

CORREO ELECTRÓNICO

murallondeson@gmail.com

FACEBOOK E INSTAGRAM

[@murallondeson](#)